

NOVO DECRETO DE GALEGO

Clamoroso erro pedagóxico e político

O novo decreto de galego é un erro pedagóxico porque afondará no fracaso escolar do alumnado en competencia lingüística ao reducir o número de materias en galego. Ademais busca enganar a toda a sociedade pretendendo equiparar a aprendizaxe das linguas vehiculares da sociedade galega, imprescindíbeis para o coñecemento das materias do currículo, co coñecemento dunha lingua estranxeira.

É un erro político por non contemplar a situación da desigualdade do galego polo que non é un decreto que faga xustiza á nosa lingua e non cumpre coa obriga da Xunta de protección da lingua.

A escola de nais e pais pode vulnerar o dereito ao coñecemento das crianzas, ao mesmo tempo que supón unha irresponsabilidade do actual goberno ao inhibirse de legislar. Con toda probabilidade creará conflitos nos centros que ata hoxe non existían.

Nos trinta anos de democracia en Galiza non houbo nin a máis mínima dúbida na necesidade dunha protección especial para a lingua que se atopaba nunha situación de desigualdade conducente á súa inevitábel desaparición.

O esforzo normalizador non creou os froitos desexados polo que era preciso unha revisión que evitase a perda de falantes e a competencia lingüística plena de todo o alumnado galego. Esta situación deu lugar ao consenso do Plano de normalización lingüística do 2004 e a seu posterior desenvolvemento no Decreto 124. Para o STEG ese norma non era suficiente para garantir as competencias plenas e reverter a situación, porén non deixamos de recoñecer o avance.

O novo borrador de Decreto na medida en que reduce as materias a impartir en galego supón unha involución imposible de xustificar á luz de todos os informes da sociolingüística. Se o galego decrece fronte o castelán, como é que reducimos as materias a impartir en galego? Para o STEG só existe unha razón: un goberno preso de grupos contrarios á propia existencia do estudo do galego e, por outra banda, a irresponsabilidade dun goberno que esquece os intereses de todas as galegas e galegos polos intereses electoralistas ao servizo do seu partido.

Este Decreto se non é verdadeiramente consensuado, deixará unha herdanza para o futuro de conflito alí onde non o había e só pode ser imputábel a un goberno que impón unha lexislación, nun tema tan sensíbel, sen a responsabilidade de facelo propiedade de todo o parlamento que representa a todos os galegos e galegas.

Sobre a redución de materias mínimas a impartir en galego.

Para o STEG o camiño da normalización na escola pasa por facer do galego a lingua vehicular. Nese sentido a actual lexislación, aínda que insuficiente, supuxo un paso adiante na percura do obxectivo da galeguización do ensino. A redución das materias a impartir en galego ao 33% suporá afondar no fracaso escolar en competencia

lingüística e facer dunha parte importante do alumnado analfabetos lingüísticos.

O estudo do inglés a costa doutras linguas.

Coñecer linguas estranxeiras, nomeadamente o inglés, é un ben e un deber da administración potenciar. Agora ben, o camiño non pode ser a costa das outras linguas e, en especial, do galego, xa que será o que máis sufrirá ao ser a lingua minorizada. Tampouco a costa do currículo. Todos somos conscientes da necesidade de mellora do sistema educativo para evitar o fracaso escolar tanto na comprensión lingüística como noutras áreas de coñecemento como sociais, naturais, matemáticas, humanidades....resulta doado imaxinar a dificultade engadida que suporá para as nosas crianzas estudar unha porcentaxe do currículo nunha lingua estranxeira ao mesmo tempo que se diminúe o coñecemento das outras linguas. Toda a sociedade galega debe reflexionar se quere fillas e fillos máis competentes en inglés e menos competentes en coñecementos científicos e humanísticos e con maiores dificultades en castelán e aínda menos competentes en galego. Para o STEG o estudo das linguas estranxeiras pasa por desdobrar grupos con ratios baixas, mellorar as tecnoloxías, potenciar os intercambios e estadias do alumnado e o profesorado...

Hai que ter en conta que nas aulas bilingües a lingua estranxeira apoiase na outra lingua polo que, de efectuarse o apoio en castelán, estaríamos ante un 66% de español fronte a un 33% en galego

Sobre a escola das nais e pais

Curiosamente nin os horarios nin o currículo son escollidos polas nais e pais e si o idioma. Pode unha nai ou un pai decidir facer do seu fillo ou filla unha ignorante en matemáticas, ciencias ou calquera outra materia? No mesmo sentido tampouco pode facela ignorante dunha lingua xa que de ser así impediríalle a liberdade de escola á filla ou fillo. Non pode haber liberdade se non hai coñecemento.

E o coñecemento debe ser garantido polos poderes públicos e non deixalo nas mans da nais e pais máis ou menos ideoloxizados. Se ademais a escola é cada catro anos, ao novo alumnado estáselle a impor a elección realizada por outros proxenitores. Velaí como entende a liberdade este goberno ao transformarse nunha verdadeira imposición.

Sobre o conflito nos centros

Para o STEG é unha grave irresponsabilidade da Consellaría trasladar decisións aos centros que só lle competen a ela. Con toda probabilidade xerará conflitos que afectarán á convivencia da comunidade educativa. Mesmo poderemos adiantar a oposición daquel profesorado implicado na normalización da lingua galega ao que agora se lle elimine a liberdade de impartir as aulas en galego.

Secretariado Nacional do STEG
xaneiro 2010